

NOTA SOBRE O CAMBIO DE BASE CONTABLE

INTRODUCCIÓN

O Instituto Galego de Estatística (IGE) publica hoxe as estimacións das Contas Económicas Anuais e Trimestrais correspondentes ao período 2000-2015 (ata o segundo trimestre) na nova base contable 2010. Son os primeiros resultados destas operacións estatísticas coa nova metodoloxía do Sistema Europeo de Contas (SEC-2010)¹ e completan o cambio de base contable iniciado coa publicación do Marco Input-Output de Galicia 2011.

O principal motivo do cambio de base é implantar o novo estándar metodolóxico nas contas económicas de Galicia e con este cambio de base introdúcense melloras nas estimacións económicas da nosa Comunidade. Estas melloras veñen por dúas vías: unha actualización das fontes de información que fornecen o sistema e unha mellora dos procedementos estatísticos empregados. Polo tanto, a base 2010 que hoxe difunde o IGE, non é só unha adaptación das estimacións ao novo SEC-2010, senón unha revisión do sistema co obxectivo de ofrecer unha fotografía da economía galega co mellor nivel de precisión dada a información estatística dispoñible.

Ás dificultades habituais que un cambio de base presenta, nesta ocasión temos que engadir a obriga, establecida pola Unión Europea, de medir a actividade ilegal. Esta obriga procede do resultado dos controis periódicos que a Comisión Europea realiza sobre a comparabilidade e exhaustividade dos datos que os países membros entregan a Eurostat.

CAMBIOS INTRODUCIDOS NA NOVA BASE CONTABLE

Cambios metodolóxicos

Derivan da introdución do novo SEC, aprobado por regulamento europeo, que modifica ao anterior estándar metodolóxico. Este novo SEC adecúase ao novo Sistema de Contas Nacionais, elaborado por Nacións Unidas, e xurde co obxectivo de adecuar as contas á nova contorna económica.

O cambio máis significativo, pola súa incidencia sobre o Produto Interior Bruto (PIB) da economía galega, é que se considera investimento tanto o gasto en investigación e desenvolvemento (I+D) como o gasto en sistemas de armamento. Este cambio provoca que, estes fluxos antes considerados como consumos intermedios, se consideren agora formación bruta de capital fixo e incrementen o nivel do PIB.

¹ Aprobado por regulamento UE Nº549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 21 de maio de 2013. Ver <http://www.boe.es/doue/2013/174/L00001-00727.pdf>

Cambios estadísticos

Estes cambios derívanse do uso de novas fontes de información, da revisión de fontes ou da actualización dos procedementos de estimación. Neste apartado, no que se concentran os principais cambios cuantitativos nos agregados macroeconómicos de Galicia, cómpre destacar catro grandes bloques:

- A actualización das estatísticas que teñen a súa base no novo Censo de Poboación e Vivendas de 2011, como son a “Enquisa de Poboación Activa” (EPA), ou a “*Encuesta de Presupuestos Familiares*”.
- A nova información dispoñible do sector primario (elaborada polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente referente ás contas económicas rexionais da agricultura), no sector comercio, no sector audiovisual (no que o IGE realizou unha enquisa) ou no sector administracións públicas (a través dun mellor aproveitamento da información sobre as entidades públicas).
- Os novos procedementos de estimación: neste apartado hai que destacar a nova estimación do sector do transporte terrestre ou da presentación da información referida á actividade de I+D realizada polas universidades.
- Cómpre facer mención especial ao sector da construción, no que se realiza unha revisión na liña da realizada pola “*Contabilidad Nacional de España*” elaborada polo Instituto Nacional de Estadística, froito tanto dunha actualización de fontes estatísticas como dun novo procedemento de estimación.

A medición da economía ilegal

As dificultades para medir a economía ilegal son obvias: non existen fontes de información regulares cuns estándares de calidade similares a aquelas que miden aspectos legais da economía. O IGE segue as metodoloxías e procedementos establecidos por Eurostat ao respecto, porén as limitacións no número e na calidade das fontes primarias aconsellan tomar con precaución as estimacións realizadas para a economía ilegal en Galicia. As estimacións realizadas están integradas nos agregados macroeconómicos correspondentes.

CUANTIFICACIÓN DOS CAMBIOS NO NIVEL DE ACTIVIDADE

O nivel do PIB galego estimado co cambio de base é un 0.94% superior ao estimado na base anterior no ano 2010, e un 0.77% en 2011. Para este ano 2011 ofrecemos un detalle dos cambios no PIB por cada un dos cambios expostos con anterioridade²: cambio metodolóxico, estatístico e introdución da economía ilegal. Se ben o efecto na estimación do PIB é positivo no

² Para o ano 2011 o IGE elaborou o Marco Input-Output da economía galega, operación estatística que describe con gran detalle os fluxos económicos. Isto permite desagregar con maior precisión os efectos do cambio de base nas magnitudes económicas.

seu conxunto, a introdución de novas fontes de información e a revisión dos procedementos de estimación, é dicir, os cambios estatísticos, tiveron un efecto negativo.

Táboa 1 Cuantificación dos cambios de base contable no PIB de 2011

	Termos absolutos (en millóns de euros)	Termos relativos (% sobre PIB en base 2008)
Revisión no PIB	430	0,77
Cambios metodolóxicos (introdución do novo SEC-2010)	+528	+0,95
Cambios estatísticos (novas fontes de información e melloras nos procesos de estimación)	-612	-1,10
Estimación economía ilegal	+514	+0,92

Esta revisión no PIB produce cambios na estrutura que se resumen na seguinte táboa.

Táboa 2 Estrutura de Galicia nas dúas bases contables. Ano 2011

	Base 2008	Base 2010
PRODUTO INTERIOR BRUTO	100	100
OFERTA		
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	4,3	4,6
Industrias	16,7	16,7
- Industria manufacturera	12,3	12,5
Construción	10,5	8,2
Servizos	59,4	61,6
Impostos netos sobre los produtos	9,1	8,9
DEMANDA		
Gasto en consumo final	83,6	84,8
Formación bruta de capital	17,9	18,8
Exportacións de bens e servizos	53,2	50,7
Importacións de bens e servizos	54,6	54,3
RENDAS		
Remuneración dos asalariados	46,4	46,7
Excedente de explotación bruta / Renda mixta bruta	44,2	44,3
Impostos netos sobre a produción e as importacións	9,4	9,0